

ANUNCIO

CONCELLO DE RODEIRO

EXPOSICIÓN PÚBLICA DAS LISTAS COBRATORIAS DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA, URBANA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO EXERCICIO DE 2008

De conformidade co art. 77.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as **Listas Cobratorias do imposto sobre Bens Inmoables do exercicio 2008 poranse ó dispor do público** nos locais do **CONCELLO DE RODEIRO, desde o día 1 de xullo ó día 31 de xullo de 2008, ambos inclusive**, o que fai posible que os interesados, durante dito prazo, examinen os mesmos. Podendo presentar, no prazo dun mes, desde o **1 ata o 31 de agosto de 2008, ambos inclusive**, as reclamacións procedentes perante a Dirección do ORAL (art. 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004).

COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA, URBANA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO EXERCICIO DE 2008

De conformidade co previsto no art. 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, de 29 de xullo de 2005 (RD 939/2005), comunícaselles ós contribuíntes afectados que o **período voluntario de cobranza do imposto** indicado, para o **CONCELLO DE RODEIRO, será do 1 de xullo ó 2 de setembro do ano 2008, ámbalas dúas datas inclusive**. Tendo en conta que o **prazo límite** de ingreso será o **día 2 de setembro** no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora (art. 19.3 do Regulamento Xeral de Recadación).

O imposto deberá satisfacerse, consonte co artigo 23 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, a través de calquera entidade bancaria ou na caixa dos Servizos Centrais do ORAL, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ó pagamento **podará, ata o día 2 de setembro**, obter un duplicado nos Servizos Centrais do ORAL (Avda. de Marín, 9 - 36071 Pontevedra), na **Oficina Periférica da Comarca do Deza (rúa Garda Civil, 26. 36500 – Lalín. Tlf. 986 78 04 47) ou na Oficina Periférica máis cercana o seu domicilio**.

Os contribuíntes que a **15 de agosto** non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o **2 de setembro** para os solicitar nas oficinas indicadas e efectua-lo pagamento nas entidades bancarias ou nos Servizos Centrais, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de prema.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do art. 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Pontevedra, 25 de xuño de 2008

O DIRECTOR,

Asdo. Jesús Javier Fernández Chao

